



# 3º CONGRESO DE ESTUDOS INTERNACIONAIS DE GALICIA

## GALICIA E A LUSOFONÍA DIANTE DOS DESAFÍOS GLOBAIS

27 – 28 · MARZO · PONTEVEDRA

SALÓN DE GRAOS FACULTADE DE CIENCIAS SOCIAIS  
E DA COMUNICACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO



Universidade de Vigo



Área de Ciencia Política  
e da Administración

Observatorio  
Gobernanza



## Mércores 27 Marzo

### 16.00 > Sesión institucional de apertura

- o **Xosé Manuel Baamonde Silva**, Decano Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.
- o **Manuel Correia da Silva**, Vice-Cónsul de Portugal en Vigo.
- o **Xosé Lago García**, Subdirector Xeral de Acción Exterior e Cooperación Transfronteiriza, Director da GNP-AECT, Xunta de Galicia.
- o **Xosé Leal Fariña**, Deputado responsable Cultura Deputación de Pontevedra.
- o **Miguel Anxo Fernández Lores**, Alcalde Concello de Pontevedra.
- o **Manuel Reigosa**, Reitor da Universidade de Vigo.
- o **Presenta: Daniel González Palau**, Director do IGADI.

### 16.30 > Conferencia Inaugural

- o "A lingua portuguesa: un valor global" **Filipa Soares**, Coordinadora da Rede de Ensino Português no Estrangeiro para Espanha e Andorra e Directora do Centro de Lingua Portuguesa do Camões I.P. em Madrid.
- o **Presenta: Álvaro Xosé López Mira**, Universidade de Vigo.

### 18.00 > Sesión Política

- Representantes dos grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia.
- o **César Fernández**, PPDG.
  - o **Luis Villares**, En Marea.
  - o **Concepción Burgo**, PSdG-PSOE.
  - o **Olalla Rodil**, BNG.
  - o **Modera: Celso Cancela Outeda** (Universidade de Vigo).

## Xoves 28 de marzo

### 10.00 > Sesión Económica

- o **Hakan Casares Berg** (Coordenador do Observatorio da Cultura Galega do Consello da Cultura de Galicia, actualmente dirixindo o Informe "O coñecemento da lingua portuguesa, unha oportunidade para Galicia").
- o **Wesley Sá Teles Guerra** (Fundador do CERES - Centro de Estudos das Relações Internacionais e consultor da ABRACOMEX - Associação Brasileira de Comércio Exterior, analista de relacións internacionais e paradiplomacia económica).
- o **Luz Castro** (IMAXIN Software, tecnoloxías da linguaxe e multimedia educativo).
- o **Modera: Manuel Vázquez** (Presidente da Rede Galega de Empresa).

### 12.00 > Sesión Sociocultural

- o **Luzia Oca** (Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro, Premio VR de Ciências Sociais 2014 "Cabo-verdianas en Burela", membra da Comisión de Igualdade do CCG).
- o **Germano Almeida** (Avogado e escritor cabo-verdiano, Prémio Camões 2018).

- o **Elias Torres Feijó** (Universidade de Santiago de Compostela, Grupo Galabra, presidente da Associação Internacional de Lusitanistas 2008-2014).
- o **Modera: Emilia García López** (Responsable de Acción Exterior do Consello da Cultura Galega).

### 16.00 > Sesión Xeopolítica

- o **João Casqueira** (Investigador integrado no Centro de Estudos da População, Economia e Sociedade-CEPESE, Universidade do Porto).
- o **María Sousa Galito** (Investigadora do CICS-NOVA, Universidade Nova de Lisboa e do CESA-CSG, ISEG - Universidade de Lisboa).
- o **Luis Cardoso** (Escritor de Timor Leste, foi representante do Conselho Nacional da Resistência Maubere en Portugal).
- o **Modera: Ângelo Cristóvão** (Vicepresidente da Academia Galega da Lingua Portuguesa).

### 18.30 > Conferencia de Clausura

- o "A Lei Paz Andrade como modelo de cooperación e integración europea" **Xosé Carlos Morell** (Empresario, foi o responsable de presentar a Iniciativa cidadá Paz Andrade no Parlamento de Galicia no ano 2013).
- o **Presenta: Roberto Mansilla** (Secretario do IGADI).

## PRESENTACIÓN

As relacións de Galicia con Portugal e con todos aqueles territorios de lingua oficial portuguesa, a lusofonía, representa unha área xeográfica prioritaria para a internacionalización de Galicia, dentro do marco autonómico desde a aprobación do Libro Branco de Acción Exterior do ano 2004, durante a presidencia de Manuel Fraga Iribarne.

Dez anos despois, a aprobación no 2014 da Lei Paz Andrade no Parlamento de Galicia tras a iniciativa popular que arrincou en 2012 e que lle deu nome, abriu de forma institucional e concreta as posibilidades de impulsar e promover a relación de Galicia co espazo lusófono, maximizando as posibilidades das relacións con todos aqueles estados, organizacións internacionais e territorios con presenza da lingua portuguesa, sobre todo os Estados fundadores da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP): Portugal, Brasil, Mozambique, Angola, Cabo Verde, Guinea Bissau,

Santo Tomé e Príncipe, Timor Oriental, mais tamén territorios como Macau na China, Goa na India, ou o Departamento de Rivera en Uruguai, na fronteira co Brasil.

Así as cousas o espazo humano da lusofonía implica unha comunidade humana que supera os 250 millóns de habitantes, dinámica no económico e cultural, plural e diversa, unida desde a lingua portuguesa e as súas variantes, a historia e as particularidades propias de cada quen. O contexto do século XXI e as dinámicas da globalización na sociedade internacional, están no xermolo destes procesos de organización global e achegan a Galicia un escenario onde enriquecer e promover a súa presenza internacional.

O Congreso busca así ser un foro de debate cívico e académico que pense arredor da participación de Galicia neste espazo internacional, desde posicións construtivas, inclusivas e pro-activas no contexto do quinto aniversario da aprobación da Lei Paz Andrade.

## PROGRAMA

Os **principais tópicos deste Congreso** son:

- A reflexión desde Galicia sobre as posibilidades da lusofonía no mundo global.
- A participación de Galicia na lusofonía desde unha visión propia.
- O estado da implementación da Lei Paz Andrade, posibilidades e oportunidades.

O programa organizarase por medio dunha Sesión e Conferencia Inaugural, unha Conferencia de Clausura e catro sesións temáticas:

- a) Política
- b) Económica
- c) Sociocultural
- d) Xeopolítica

- Na **Sesión Política** trataranse temas como: o desenvolvemento da Lei Paz Andrade, o estado das relacións e participación de Galicia na CPLP, a proposta de Galicia coma Casa da Lusofonía no marco da Estratexia de Casas do Estado...

- Na **Sesión Económica** achegaranse cuestións como: o presente e futuro das relacións económicas de Galicia cos países da CPLP e o espazo amplo da lusofonía, análises das complementariedades da nosa economía cos países membros da CPLP, as fortalezas, as debilidades e oportunidades do noso posicionamento nos mercados dos países lusófonos...

- Na **Sesión Sociocultural** abordaranse debates como: a problematización postcolonial do concepto de lusofonía e a galeguía coma alternativa ou complemento, o estado das relacións da sociedade civil galega coa sociedade civil lusófona (en sentido amplo)...

- Na **Sesión Xeopolítica** debateranse ideas como: o estado da CPLP coma organización internacional e a "Vissao Estratégica 2026", o estado das relacións entre os Estados membros da CPLP, as oportunidades das relacións de Galicia e España coa CPLP...

## OBXECTIVOS

- a) Reflexionar sobre o estado de desenvolvemento da Lei Paz Andrade.
- b) Achegarnos desde Galicia á actualidade económica, sociocultural e xeopolítica da lusofonia, con capacidade para xerar debates e ideas que permitan expresar unha visión propia.
- c) Impulsar a conciencia cívica e institucional sobre os retos e potencialidades que para Galicia representa o espazo lusófono en todas as súas dimensións.
- d) Suxerir propostas, diagnósticos, estratexias e marcos

## PARTICIPANTES E PRAZOS

As inscricións para participar no Congreso poderanse formalizar ata o 26 de marzo de 2019 mediante comunicación dirixida a: [info@igadi.org](mailto:info@igadi.org) na que debe facerse constar nome e apelidos e e-mail de contacto. A inscrición é gratuita e expedirase certificado de asistencia a

## DESTINATARIOS

Estudantes da Universidade galega e das Universidades de lingua portuguesa. En particular, para estudantes e investigadores/as de titulacións como: Dirección e Xestión Pública, Ciencias Políticas, Xornalismo, Publicidade, Comunicación Audiovisual, Turismo, Xeografía,

## FICHA TÉCNICA

**Organizan:** IGADI e Observatorio da Gobernanza G3, Universidade de Vigo

**Patrocinan:** Concello de Pontevedra, Deputación de Pontevedra, Xunta de Galicia e Universidade de Vigo.

**Lugar de realización:** Salón de Graos da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo.

**Comité Científico:** Eduardo Daniel Oviedo (Universidad Nacional de Rosario-Argentina), Carmen Mendes (Universidade de Coimbra), Zhu Lun (Academia de Ciencias Sociais de China), Mónica López Viso (Universidade de Vigo); Bichara Khader (Université Catholique de Louvain), Ricardo Antunes (UNICAMP-Brasil), Luciano Concheiro Bórquez (Universidad Autónoma Metropol-

cos de actuación que permitan un maior aproveitamento das posibilidades que brinda a participación na lusofonia e nas relacións cos distintos países que a compoñen, para afondar no noso progreso e benestar.

- e) Alentará intercambios académicos e científicos que permitan fortalecer os nexos en materia de investigación, desde Galicia co espazo lusófono.
- f) Visibilizará a tradición de estudos internacionais de Galicia e a presenza de Galicia no espazo de lingua oficial portuguesa por medio dun Plan de comunicación do Congreso en redes sociais.

todas aquelas persoas que participen cando menos do 75% das sesións. O prazo para a presentación de relatorios complementarios ao programa oficial finaliza o 25 de marzo. Deberán enviarse ao enderezo electrónico [info@igadi.org](mailto:info@igadi.org) e serán potencialmente publicados xunto as Actas finais do Congreso tralo escrutinio do Comité Científico do Congreso.

Dereito, Económicas, Administración e Dirección de Empresas, Historia, Filoloxía e outras...

**Público interesado nesta temática:** Cidadanía en xeral, actores políticos, institucionais, económicos, sociedade civil, empresas, entidades socioculturais e educativas, de Galicia, Portugal, Estados e territorios de lingua portuguesa.

litana-México), Robert Matthews (New York University), Julio A. Díaz Vázquez (Universidade da Habana); Antonio C. Pereira Menaut (Universidade de Santiago de Compostela); Argimiro Rojo Salgado (Universidade de Vigo); Antonio Martínez Puñal (Universidade de Santiago de Compostela); Fernando González Laxe (Universidade da Coruña); José Soeiro (Universidade do Minho); Ramón Bouzas (Universidade de Santiago de Compostela); Ana Paula Beja Horta (Universidade Aberta, Lisboa); Amelia Sáiz López (Universitat Autònoma de Barcelona); Eduardo Perera Gómez, (Universidad de La Habana).

**Directores:** Celso Cancela Outeda, Daniel González Palau e Álvaro Xosé López Mira.

**Coordinación Técnica e Comunicación:** IGADI.

**Observacións:** Todas as informacións relativas ao Congreso serán publicadas en [www.igadi.org](http://www.igadi.org)